

Ramón D. Veiga

Pernascochas

Ilustracións de
Blanca Millán



CADERNO DE ACTIVIDADES



AVI GAL
Yall Companies

ANTELA EDITORIAL

PREGUNTAS DE COMPRENSIÓN



1. Quen é a narradora da historia e con quen vive?


2. Por que non coñece a súa nai nin lembra o seu pai?

3. Como é a tía Carme? Describe o seu carácter e costumes.

4. Quen é Balbina e que papel desempeña na vida de Marcelina?

5. Por que lle poñen o alcume de Pernascochas?

PREGUNTAS DE COMPRENSIÓN



6. Como se coñecen Marcelina e Martiño?

7. Que tres retos lle propón Marcelina a Martiño para gañar a súa amizade?

8. Que é a Illa do Queixiño e que lenda conta Martiño sobre ela?

9. Como reacciona Marcelina cando Martiño marcha coa familia?

10. Que aprendizaxe ou mensaxe cres que transmite a historia?

Actividade de escritura creativa: carta a Martiño

Despois da despedida final, imaxínade que Pernascochas lle escribe unha carta a Martiño contándolle como cambiou a súa vida dende que marchou. Debe incluír sentimentos actuais, o que aprendeu dos seus retos e un desexo para o futuro. (Pode facerse tamén en formato correo electrónico ou diario persoal).



Marcelina Martiño

PREGUNTA DE OPINIÓN
PARA UN DEBATE



Pregunta para o debate:

“Ser diferente é unha vantaxe ou un problema?”.

A partir de Pernascochas, falade sobre como se sente ela por non ser a nena perfecta que queren os seus tíos, e sobre como a amizade e a aceptación persoal a axudan a medrar. Xustifica a túa resposta.

Anota o máis interesante na parte de abaixo desta folla.



Para saber máis!



Investigade sobre os pazos galegos e as súas lendas: onde se conservan hoxe, que costumes ou tradicións aparecen arredor deles. Comparade o pazo da novela cun pazo real da vosa zona.




Manualidade: O pazo de Pernascochas

Animádesvos a elaborar entre todos unha maqueta do pazo onde vive Marcelina? Empregade caixas de cartón, papeis de cores e materiais reciclados. Engadide o xardín, as árbores e unha pequena figura de Marcelina ou Martiño. Acompañade a maqueta cun cartel que recolla frases do libro ou os vosos momentos favoritos.

Taller creativo: as pernas de Pernascochas

Cada neno/a debuxará unhas pernas cheas de rabuñaduras e tiras de esparadrapo (imitando as da protagonista). Dentro de cada ferida escribirán algo que os fai fortes ou algo que aprenderon despois de caeren. Obxectivo: traballar a resiliencia e o valor de aprender dos erros.



Sobre o autor:
Ramón D. Veiga



Buscade información sobre o autor e elaborade unha ficha biográfica:

- Onde naceu: _____

- Outros libros que escribiu: _____

- Premios recibidos: _____

- Temas que trata habitualmente: _____

Finalmente, cada grupo escollerá outro libro seu para recomendarllo á clase.

- _____
- _____
- _____



ESCRITURA CREATIVA



Agora tócache a ti! Pensa no protagonista da túa historia, noméao e describe o seu carácter: é alegre, divertido, aburrido...?

Nome:

Características

Debuxo



ESCRITURA CREATIVA 2



Xa tes protagonista? Pois agora toca organizar a súa historia!

PARTES DUNHA HISTORIA

LOCALIZACIÓN

Onde acontece?

INTRODUCCIÓN

Como comeza?

NÓ

Cal é o conflito?

DESENLACE

Como remata?

ESCRITURA CREATIVA 3



E agora si, toca escribirla!

Título: _____





Concello de
OURENSE



Máis información en:
www.antelaeditorial.com